

Casa Batlló (Barcelona)

Xosé Otero Canto, 06 de marzo de 2026

<https://www.galiciadigital.com/opinion/opinion.39091.php>

Erosión da pedra.
Parteluces como bastóns aristócratas
e balcóns como bigas
romanas
e os cabalos polo aire,
mecéndose
e a torre un pirulí,
rosa dos ventos.
A fachada son burbullas
dun mar que se ergue
entre o azul
e as curvas de melancolía
en remate torto e arqueado.
Beleza aberta
ao círculo oblongado
e ao tellado
en peixe mariño
escamoso,
perdido
entre covas de melancolía.

Noite do 14-02-2017.